



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Desenvolvemento Rexional e Local | Aprendizaxe-Servizo:
a Lavacolla

Análise socioeconómica e proposta de mellora da calidade de vida local.

Lanzós López, Carlos
Limés Pombo, Sergio
Malvar Play, Javier
Pérez Ferrás, Salomé

Marzo-Abril 2018

Traballo realizado para a asignatura de Desenvolvemento Rexional e Local, 3º Curso do Grao en Economía da USC, en virtude do proxecto Aprendizaxe-Servizo da mesma universidade.

Resumo


Neste traballo fixemos unha análise DAFO sobre a zona de Sabugueira, centrándonos sobre todo na parroquia de Lavacolla. Para isto utilizamos a información recollida nas distintas entrevistas e os coñecementos que fomos acadando durante estes anos de formación. Ademais, realizamos un estudo no que intentamos procurar que servizos estaban proporcionados na zona e cales non.

Con todo isto realizado, propuxemos unha serie de medidas para mellorar a calidade de vida no territorio, baseándonos sobre todo nas suxestións aportadas polos primeiros afectados, que son os veciños de dita zona.

Índice

| | |
|--|----|
| Galería fotográfica..... | 4 |
| 1.Introdución..... | 5 |
| 1.1.Objectivos e metodoloxía..... | 5 |
| 1.2.Presentación e historia do espazo analizado..... | 5 |
| 2.Corpo do traballo..... | 8 |
| 2.1.Análise socioeconómica: redación..... | 8 |
| 2.2. Análise socioeconómica: DAFO..... | 12 |
| 3.Propostas de mellora..... | 14 |
| 4.Referencias..... | 16 |
| 4.1.Resumo das entrevistas..... | 16 |
| Entrevista 1. Representante do CSC Lavacolla (Casa das asociación de Cornes): María Pose Oreiro. 4/4/18..... | 16 |
| Entrevista 2. Asociación de mulleres rurais de Lavacolla 6/4/18..... | 18 |
| Entrevista 3. Algúns comerciantes de Lavacolla. 4/4/18..... | 20 |
| Entrevista 4. Equipo de fútbol local. Semana do 9 ao 16 de abril de 2018..... | 21 |
| 5.Bibliografía e webgrafía..... | 22 |

Galería fotográfica



Arriba, esquerda: imaxe da entrada por estrada a Lavacolla (6/4/2018). **Arriba, dereita:** Igrexa de San Roque, no centro da aldea de Lavacolla (6/4/2018). **Abaixo, esquerda:** instalacións da célebre marca de tartas de Santiago, *Casal Cotón* (6/4/2018). **Abaixo, dereita:** mención a Lavacolla nunha guía xaponesa sobre o Camiño de Santiago (Museo das Peregrinacións, 22/4/2018).

1.Introdución.

1.1.Objectivos e metodoloxía.

O principal obxectivo que queremos acadar coa realización deste traballo é a caracterización da estrutura (e coxuntura) económica da parroquia da Sabugueira -en particular, do seu núcleo poboacional, a localidade de Lavacolla-, que se atopa no Concello de Santiago de Compostela. Unha vez realizada esta caracterización, valoraremos os principais puntos fortes e débiles que presenta o lugar, a través dunha sinxela análise DAFO. Involucrados coa mellora da calidade de vida dos seus habitantes, isto permitiranos concluir o estudo coa proposta dunha ou varias medidas de desenvolvemento socioeconómico para ese espazo.

O que diferencia este traballo dunha análise socioeconómica local ou rexional ao uso é que para estas os e as economistas adoitan empregar fontes estatísticas e datos elaborados sobre os que basear os seus estudos. Mais nós carecemos de información deste tipo, debido ao tamaño do lugar sobre o que investigamos. Non abundan en España fontes dedicadas ao procesamento estatístico de aspectos socioeconómicos para os lugares de entidade menor que a municipal, como é o caso de Lavacolla.

Así as cousas, optamos por un plantexamento distinto: obtivemos a información directamente dos habitantes da zona, de primeira man, a través de, se se quere ver así, un traballo máis “de campo” ou “sobre o terreo”, consistente na exploración da zona, a realización de entrevistas, a toma de fotografías... O contacto directo cos habitantes, en resumo. Coidamos que os resultados deste método non foron negativos.

1.2.Presentación e historia do espazo analizado.

A Sabugueira é unha parroquia pertencente ao municipio de Santiago de Compostela, na provincia de A Coruña. A 1 de xaneiro de 2017, posúe 973 habitantes, dos cales 452 son homes, e 521, mulleres (INE).

A poboación da parroquia está moi dispersa en múltiples aldeas que a veces contan só cunhas cantas decenas de habitantes. Entre elas, destacan: Lavacolla, Mourentán, Requesende, Vilamaior, San Paio, O Noval, Pontillón, As Quenllas, San Xordo, A Sionlla, Amarelle, A Esquipa, Castiñeira (grande e pequena, hai dúas), Casais, Neiro e A Plaza.

Existe en Sabugueira un claro lugar central, que concentra a actividade económica así como a poboación. É a localidade de Lavacolla, que conta con arredor duns 200 habitantes na actualidade (Entrevista 1). Segundo o censo de 2012, eran 168 as persoas

que vivían no lugar. Sobre Lavacolla volcaremos principalmente a atención deste traballo -sen desmerecer ás outras moitas aldeas e poboacións- por ser, dalgún xeito, o lugar que centraliza as demandas de toda a parroquia.

Lavacolla é ben coñecida debido a dous feitos que a diferencian, e moito, de calquera outra localidade rural:

Por un lado, é a última etapa do Camiño de Santiago antes de entrar na cidade sacra propiamente dita. O fluxo de peregrinos é masivo, e condiciona, como veremos, en gran medida, a vida económica do espazo. Cabe destacar que o propio nome de Lavacolla provén do costume dos antigos peregrinos de lavarse alí antes de entrar na Catedral de Santiago (en efecto, “lava-” provén da raíz latina que significa lavar; e “-colla” non se sabe con certeza se fai referencia ao pescozo “*collum*” ou á zona xenital masculina “*collea*”).

Por outro, en Lavacolla érguense as terminais do Aeroporto de Santiago de Compostela (antiga e aínda hoxe popularmente coñecido como “Aeroporto de Lavacolla”). A historia recente da parroquia non podería entenderse sen esta importante infraestrutura. O aeroporto foi primeiramente construído en 1932, de mans dun aeroclub santiagués, que precisaba dunha pista simple desde a que poder levar a cabo os seus vóos de recreo (Entrevista 1). En 1937 (durante a Guerra Civil) foi reconvertido a un aeroporto de tipo comercial. Durante a posguerra foi ampliado e modernizado, para o cal se empregou, dun xeito infame, man de obra practicamente escrava, conformada polos presos de guerra republicanos durante a Guerra Civil.



Ilustración 1: Monumento/homenaxe aos presos republicanos. Fonte: elcorreogallego.es (2006)

O aeroporto sufriu importantes modificacións durante toda a segunda metade do século XX, que o sumaron ás novas tendencias de viaxe e o conectaron cun número maior de destinos. Reservamos estes cambios recentes para explicar o seu impacto sobre a vida dos locais posteriormente, pero sí que podemos adiantar que o aeroporto perdeu a relevancia comercial coa que iniciara os seus pasos para se converter nunha instalación dedicada case en exclusiva ao turismo e o transporte de persoas (Entrevista 1).

En efecto, pudimos notar como o aeroporto se convertía case no 100% dos casos no tema central das conversacións que mantivemos cos/as veciños/as. Os/as de maior idade consideran os cambios que sufriu o aeroporto entre os 70 e os 80 como os máis importantes que viviu a parroquia nos últimos 30 anos, máis relevantes, incluso, que a chegada da luz eléctrica (Entrevista 2). Entre estes cambios citamos, por exemplo, a xeneralización dos vóos *low cost* (Entrevista 1). Grazas ao papel do aeroporto, moitos negocios abriron no lugar, moitas persoas comezaron a dispor dun soldo nunha época na que a parroquia aínda estaba sumida nun sistema de agricultura tradicional e allea ao mercado, e mesmo permitiu que por primeira vez a poboación feminina comezase a ter traballos remunerados fóra do fogar (Entrevista 2).

Non todas as zonas rurais de Galicia contan cun aeroporto ou unha importante etapa do Camiño de Santiago que as atravesese. Resulta obvio mesmo a estas alturas do traballo que estas dúas circunstancias caracterizan fortemente a economía de Lavacolla, e fan dela un lugar moi especial, situado no moitas veces difuso límite entre o rural e o urbano.



Ilustración 2: Vista aérea de Lavacolla

2. Corpo do traballo.

2.1. Análise socioeconómica: redación.

Respecto á estrutura económica do territorio, todas/os as/os entrevistados semellan estar dacordo en que as actividades agrícolas teñen un peso moi baixo na parroquia (Entrevista 1 e 2). Cando chegamos á zona por primeira vez, non obstante, notamos a presenza dunha gran cantidade de pequenas leiras e hortas nos arredores das casas. A maioría dos cultivos eran de forraxe e millo, sobre todo. Máis adiante, atopamos un establecemento dedicado á distribución de insumos agrícolas que nos confirmou que a maioría dos seus clientes non eran locais, senón alleos. Principalmente, as dúas granxas que se dedican formalmente a actividades do sector primario na parroquia, as cales se atopan, unha na aldea de As Quenllas, outra na de Vilamaior (Entrevista 3). Deducimos disto que a produción agrícola que se dá no lugar está dedicada principalmente ao autoconsumo; que se empregan nela modos de cultivo tradicionais e de pequena escala, que non requiren insumos complexos; e que non está orientada ao mercado.



Ilustración 3: Vista aérea das plantacións de Lavacolla

Non debemos concluir inmediatamente, á vista destes argumentos, que as actividades do sector primario desempeñen un papel secundario na vida económica da parroquia. De feito, sucede probablemente todo o contrario.

É altamente probable que a produción agraria da parroquia sirva para os fogares como un complemento dos ingresos principais dos mesmos, que sí proveñen do mercado (falamos, basicamente, de salarios percibidos polos/as traballadores/as do aeroporto e das empresas asentadas na Lavacolla). Neste sentido, **é posible que eses pequenos cultivos actúen como un colchón de seguridade que resta aos habitantes da parroquia**

dependencia respecto do ciclo económico. Isto parece quedar confirmado cando boa parte das/os entrevistadas/os valoran en moi pouco significativos os efectos perniciosos da crise de 2008 sobre a localidade (Entrevista 2).

Existen, ademais, unha fábrica de tartas (*Cotón Casal*, fabricante das famosas tartas de Santiago) e un importante centro de distribución de Correos. Mais as súas contribucións ao PIB local son, a todas luces, nimias; polo menos en comparación co que aporta o tecido empresarial e laboral vinculado ao aeroporto (Entrevista 1).

Polo demais, a economía está moi vencellada a este (Entrevistas 1, 2 e 4). Non só a maioría dos fogares contan polo menos cun membro que traballa ou traballou nel, senón que **o propio aeroporto xerou unha rede moi ampla de negocios interconectados ao seu redor que resultan dunha relevancia supina para a localidade.** Entre eles: alquiler de vehículos, aparcadoiros para as persoas que van ao aeroporto en coche e logo teñen que deixalo alí durante longos períodos de tempo, hoteis, etc (Entrevista 1).

A importancia do aeroporto en si mesmo, e a destas actividades vinculadas a el, é tal que podemos afirmar que a economía da parroquia é, nun grao moi elevado, dependente desta infraestrutura. Como sucede sempre que un sector ou aspecto moi concreto da economía serve como locomotora para dinamizar ao resto, isto é moi positivo para o lugar se ao aeroporto lle vai ben, mais desastroso se lle vai mal.

Isto non obstante, a presenza do aeroporto xera unha serie de vantaxes, quizá máis estruturais ou a longo prazo, que poden resultar máis difíciles de notar. Entre elas, por exemplo, destaca o efecto que tal infraestrutura ten sobre a poboación local. **Lavacolla, como calquer outra localidade rural galega, está moi avellentada.** É dicir, unha ampla proporción da poboación ten máis de 65 anos. **Non obstante, tamén presenta unha ampla franxa de poboación xoven, moito maior que outros lugares rurais de Galicia.** Pese a que non contamos con datos precisos, isto déixase traslucir nas Entrevistas 1 e 4, sobre todo nesta última, onde 4/7 dos entrevistados xóvenes consideran que a poboación “está equilibrada por idades”.

Isto continúa a ser así mesmo despois da crise de 2008. Moitos/as dos entrevistados/as destacan, como xa adiantamos máis arriba, que a parroquia, polo xeral, xera emprego suficiente para que as persoas máis xóvenes non se vexan obrigadas a emigrar (Entrevista 2). Non obstante, é notable a diverxencia na opinión das persoas de maior idade respecto ás de menos.

A opinión de que a emigración de Lavacolla é pouca e non forzosa, e que se debe principalmente á non-correspondencia entre as preferencias laborais dos xóvenes e á oferta de emprego local é sostida máis ben pola poboación máis anciá (Entrevista 2). É dicir, na súa opinión, quizais unha persoa que estudara Química non atope en Lavacolla un emprego que se adapte á súa cualificación, mais empregos hainos, ben no aeroporto,

ben nalgún outro negocio ligado a el. Se esa persoa emigra é porque prefire un traballo relacionado cos seus estudos de Química a un dos ofertados en Lavacolla, así que non o consideran emigrar por necesidade.

Pola contra, só 1/7 dos xóvenes entrevistados estaban dacordo con esta afirmación, sendo 5/7 os que si consideraban a súa emigración como forzosa. Simultaneamente, de novo 5/7 dos entrevistados consideraban que no futuro non traballarían en Lavacolla, mentres que só 2/7 responderan afirmativamente.

A situación dos xóvenes en Lavacolla é peculiar. Se ben o tecido empresarial e laboral local artellado en redor do aeroporto xera oportunidades de futuro importantes para eles, **existen algunhas desvantaxes na parroquia que poden actuar como efectos expulsión desta franxa de poboación:**

- Para empezar, existe un único colexio na parroquia, de educación infantil e primaria. Ao rematar os cursos impartidos neste centro, todos os estudantes pasan ao Instituto Sar, que se atopa en Santiago de Compostela. Moitas veces só se poden desprazar en bus ata el, o cal lles consume 1 ou ata 2 horas de viaxe (Entrevista 1). **O instituto ofrece a gama estándar de materias e programas de toda a rede de Institutos de Secundaria de Galicia, mais está especializado en Artes, o cal é un condicionante adicional para o desenvolvemento profesional dos xóvenes.**

- Hai un claro consenso entre todos/as os/as entrevistados/as de que **a oferta de ocio para esa franxa de idade é extremadamente baixa na parroquia.** 7/7 dos entrevistados na Entrevista 4 puixeron de manifesto que a oferta de ocio era practicamente nula, e que “só hai bares”. Algúns/as entrevistados/as, preguntados por este tema, responderon que a única alternativa de ocio era “vir a Santiago” (Entrevista 1).

- Pese a que semella que o aeroporto se nutre dos recursos humanos da parroquia (Entrevista 2), algúns entrevistados afirmaron que, ás veces, **o aeroporto se vía na necesidade de contratar a persoal con formación en idiomas, formación máis especializada á que parte da poboación xoven de Lavacolla non ten acceso fácil, ante o cal recurren a persoal alleo á parroquia.**

En canto ao papel do sector público, atopamos que algúns dos servizos mínimos que o Concello de Santiago debería facer chegar a toda a veciñanza de Lavacolla están desatendidos. Estes servizos veñen recollidos na Ley 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, cando di:

“1. Los Municipios deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

a) En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.”

A continuación presentamos a situación actual do estado do abastecemento deses servizos para Lavacolla:

- Alumeado público: **sí**;
- Recollida de lixo: **non**;
- Limpeza viaria: **sí, con limitacións**;
- Abastecemento domiciliario de auga potable: **non**;
- Alcantarillado: **non**;
- Acceso a núcleos de poboación: **sí, con limitacións**;
- Pavimentación vías públicas: **sí**;
- Cemiterio: **sí, na igrexa**;

onde un si quere dicir que chega a todas as casas, e un non, que quedan casas ás que o servizo non fornece. **Obsérvase que nin a auga, nin o alcantarillado, nin a recollida de lixo cubren todos os fogares da localidade** (Entrevista 1 e 2).

Unha entrevistada tivo a amabilidade de explicarnos a situación do alcantarillado e a auga. Cando o Concello realizou a conexión da rede de augas en Lavacolla, fíxoo atendendo principalmente ás demandas do aeroporto e das instalacións de Correos, para o cal trouxo a auga desde Boqueixón. Unha vez construída esta conexión, era relativamente barato conectar o groso das casas da entrada de Lavacolla á rede que terminaba nas instalacións de Correos (por ser o terreo en pendente deica elas, basicamente). Non obstante, realizar a conexión de casas alonxadas da concentración principal presenta un custo marxinal moi alto. Pese a que algunhas persoas, como a nosa entrevistada, dispoñen de pozos propios e da posibilidade de conectalos á rede xeral, unha vez se realizou a privatización do servizo de augas, a empresa concesionaria (Viaqua) cobra por realizala. A esta entrevistada a operación salíalle por uns 4.000 €, e non se amosaba disposta a pagar ese prezo (Entrevista 2).

Respecto á rede de alcantarillado, nós mesmos fomos quen de comprobar, nunha visita ao lugar, como as rúas se enchoupan rapidamente de auga e lamas a pouco que chove. Por si non fora pouco, apenas existen beirarrúas que permitan aos camiñantes recorrer o pobo sen meterse nos charcos. Isto, ademais das incomodidades diarias que leva asociadas para os propios habitantes da zona, **pode supoñer un problema de atractivo para os peregrinos do camiño de Santiago**.

A este efecto negativo súmanse outros, como o mal estado no que se atopa o paseo sobre o río Lavacolla. O arranxo do merendoiro, e a limpeza do propio curso fluvial foron amplamente solicitadas polos/as entrevistados/as como queixa.



Ilustración 4: Río Lavacolla e casa derruida

2.2. Análise socioeconómica: DAFO.

A continuación, presentamos os resultados da análise socioeconómica do lugar sintetizados nunha matriz DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades). Este método, amplamente empregado na literatura e técnica empresarial desde os anos 70 é un bó xeito de recompilar a información necesaria para a futura proposta de mellora, e tela accesible dun só vistazo (Robbins, S.; Coulter, M, 2014). Distinguimos entre elementos internos e externos á localidade:

- Elementos internos son as fortalezas e as debilidades. É dicir, os puntos fortes e débiles que son debidos a factores sobre as que a propia localidade ten control.
- Elementos externos son as ameazas e as oportunidades. É dicir, os puntos fortes e débiles que son debidos a factores sobre os que a propia localidade non ten control.

| DAFO | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|-----------------|---|--|
| Análise interna | <ul style="list-style-type: none"> · Menor dependencia do ciclo económico grazas á agricultura de autoconsumo. · Ampla franxa de poboación xoven. | <ul style="list-style-type: none"> · Ampla franxa de poboación anciá. · Excesiva dependencia do aeroporto. · Pouca oferta de ocio para os xóvenes. |
| | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
| Análise externa | <ul style="list-style-type: none"> · Dinamismo que xera o aeroporto. · Excelentemente comunicada. | <ul style="list-style-type: none"> · Pouca diversidade na formación dos xóvenes. · Deficiencias na prestación dalgúns servizos mínimos de gran relevancia. · Efectos potenciais do “feísmo” sobre a peregrinaxe debido ao anterior. |

3.Propostas de mellora.

Antes de nada, queremos plasmar as queixas e peticións que nos presentaron as persoas pertencentes á Asociación de Mulleres Rurais de Lavacolla, por consideralas un bó resumo das medidas concretas que precisa a parroquia (Entrevista 2):

- Falta alcantarillado e abastecemento de auga: a auga ven de Boqueixón, e chega ata Lavacolla porque o Concello decidiu levarlla a Correos. Unha vez alí, aproveitaron para conectar o resto do pobo, porque está relativamente cerca. Non obstante, a conexión non foi completa e moitas casas quedan sen auga e/ou alcantarillado. Nin sequera é fácil conectar á rede de augas un pozo propio: segundo o testimonio dunha das entrevistadas, isto chégalle a costar 4.000€, que ademais van para a empresa co que se externalizou o servizo, e non para o concello.
- Outras persoas solicitaron permisos máis amplos para a realización de obras de pouca envergadura nas leiras propias. Por exemplo, casetos móbiles para gardar utillaxe agrícola.
- Limpar o río e reparar a casa derruida e o merendoiro que se atopan no paseo fluvial. Coidan que pode ser atractivo para os peregrinos.
- Unha farmacia e clínica sanitaria de primeira man, por se xurde algunha urxencia non ter que desprazarse ata Concepción Arenal.
- Aceras.

Logo, houbo controversia en canto ao tema do solo. Algunhas persoas preferirían que o solo se convertese en urbanizable e se puidesen construír edificios de máis envergadura que as casas que actualmente poboan o territorio. Outras, prefiren que o lugar manteña a súa esencia rural.

Pola nosa parte, engadimos as seguintes:

- 1) Unha escola de idiomas propia de Lavacolla, ou facilidades para os/as estudantes do lugar para realizar cursos nas escolas e centros especializados de Santiago de Compostela. Isto podería asegurar unha maior permanencia da poboación xoven na parroquia, ao poder optar a empregos no aeroporto que requiran estas cualificacións, e das que agora mesmo carecen.
- 2) Incentivos á creación ou ampliación de empresas do sector secundario, ou mesmo de transformación agraria. A presenza do aeroporto suporía unha importante vantaxe para estas empresas á hora de comercializar a súa produción a nivel global, e tamén á hora de obter insumos. Ademais, isto dinamizaría aínda máis a economía da parroquia, xeraría maiores posibilidades de emprego, e faríaa menos dependente do sector servizos e do turismo.

- 3) Mellorar a oferta de ocio para os xóvenes. Existe a demanda, e facelo axudaría a fixar a poboación ao territorio á par de crear novos empregos máis diversificados.

Por último, remarcar a importancia que ten a inversión no rural, xa que se non se aposta por el, ninguén vai querer vivir, neste caso, na Lavacolla, xa que non hai bens de primeira necesidade, como dixemos anteriormente: abastecemento de auga, servizos sanitarios, farmacias, supermercados con variedade alimentaria, nin tampouco se fomenta que os mais xovenes se queden; así seguiremos creando unha estrutura de centro-periferia.

4. Referencias.

4.1. Resumo das entrevistas.

Entrevista 1. Representante do CSC Lavacolla (Casa das asociación de Cornes): María Pose Oreiro. 4/4/18.

1. Que entidade territorial é Lavacolla?

É o núcleo de poboación máis importante da parroquia de Sabugueira.

2. Cantos habitantes ten? Como é a poboación?

A parroquia, 973 a data de 4/4/2018 (452 homes e 521 mulleres). Lavacolla como tal, preto de 200 [o dato exacto aínda nos é descoñecido].

A poboación está moi envellecida, pero á vez a presenta unha proporción de xóvenes maior que o resto de parroquias rurais [probablemente debido ao aeroporto].

3. Como evolucionou a poboación nos últimos anos (de crise)? E nos últimos 30?

Ela leva desde o ano 2011, así que non nolo pode precisar.

4. Que actividades económicas predominan (por facturación e por emprego)?

A economía está moi dirixida ao aeroporto. Hai unha fábrica de tartas, unha panadería, correos, aparcadoiros (para os clientes do aeroporto), alugueres de coches e hoteis.

5. Canto peso teñen as actividades rurais?

Nada de peso: nin quedan moitas explotacións agrarias nin as que existen se dedican ao mercado.

6. Papel do aeroporto na economía local? Algunha queixa sobre el?

A importancia do aeroporto na economía local é total. Non ten constancia de ningunha queixa. Quizais sobre isto podemos ir preguntar a Mourentán, unha aldea que está pegada ao aeroporto.

7. Cando se fixo o aeroporto?

Constrúese en 1932. En 1937 (durante a guerra civil) comezan os servizos comerciais. Abriuse unha nova terminal nos 80. É de esperar que, coas últimas innovacións de vóos low cost, etc, o papel do aeroporto cambiara a vida na parroquia desde os 90 ata hoxe.

8. Que papel xoga o Camiño de Santiago na economía local?

Tamén moi importante: hai moitos albergues e bares dedicados aos peregrinos, que se ven a moreas no centro de Lavacolla. Pero está falto de desenvolvemento.

9. Ocio para a poboación xoven?

“Vir a Santiago” (resposta literal). Hai bares e está o centro. Hai asociación deportivas como o equipo de fútbol.

10. Existen outros axentes sociais como asociación de comerciantes, sindicatos, etc?

Non, só as asociación do CSC: mulleres rurais, veciños.

11. Servizos que chegan a todas as casas de Lavacolla:

- Alumeado público: sí
- Recollida de lixo: non
- Limpeza viaria: sí, con limitacións.
- Abastecemento domiciliario de auga potable: non
- Alcantarillado: non
- Acceso a núcleos de poboación: sí, con limitacións.
- Pavimentación vías públicas: sí
- Cemiterio: sí, na igrexa.

O bus é moi importante. Existe un interurbano grazas ás peticións da asociación de veciños. Co aeroporto conecta a empresa Freire.

Sobre sanidade: non existe nin unha soa clínica na parroquia. O centro sanitario ao que os habitantes están adheridos é Concepción Arenal, en Santiago de Compostela.

Existe un colexio de educación infantil e primaria. O local é da diputación/concello, o servizo préstao a Xunta. Os habitantes logo van estudar a secundaria ao instituto Sar (e lévalles 1h e media chegar en bus).

12. Valoración da A9? Infraestruturas e comunicacións sen contar o aeroporto?

Sobre a A9: existen queixas porque, ao conectar directamente co aeroporto, sucede que quita negocio ao centro da poboación.

Respecto ás estradas. As secundarias pertencen ao Concello, a principal á Diputación. En xeral a zona está ben comunicada.

13. Existe algún lugar central na Parroquia, que concentre a poboación e/ou a actividade económica?

A propia Lavacolla.

1. Cales consideran que foron os principais cambios que viviu a parroquia nos últimos 30 anos?

A maioría considerou como tal ao impulso do aeroporto e os seus efectos sobre a parroquia: grazas a el, abríronse moitos negocios (gasoliñeiras, alquiler de coches, etc) que ocupou a xuventude; tamén permitiu que moitos habitantes da parroquia vivisen dun soldo nunha época na que aínda dominaba a agricultura tradicional (allea ao mercado); tamén permitiu que as mulleres comezasen a ter emprego remunerado fora da casa.

Outras persoas valoraron a chegada da luz eléctrica como o principal cambio.

2. E cales foron os cambios que provocou a última crise? Como afectou esta a Lavacolla?

Non a afectou tanto como a outros lugares do rural. Aducen como razóns o feito de que o aeroporto non se viu tampouco moi afectado por ela, e que a maioría das casas teñen aforros suficientes para soportar envites así. [Ademais está o feito de que en moitas das casas se continúa a labrar a terra para o autoconsumo, o cal tamén resta dependencia á zona respecto da coxuntura económica que a rodea].

3. Hai traballo para todo o mundo? Hai paro? Houbo quen tivo que marchar por necesidade?

Houbo quen tivo que marchar, sobre todo rapaces e rapazas, pero poucos. Non o consideran unha emigración forzosa, porque a parroquia dá empregos suficientes para todas as persoas; quenes prefiriron marchar fixérono máis ben porque na zona non había posibilidade de traballar no que lles gustaba ou estudaron.

4. De que traballaron vostedes?

Houbo poucas persoas que respondesen a esta pregunta. Parece que todas atoparon ocupación nalgún momento da súa vida en actividades relacionadas co aeroporto. Unha foi cociñeira de cátering, outra limpadora, etc.

5. O persoal do aeroporto, son xente de Lavacolla, ou veñen de fora? Hai algunha queixa respecto ao aeroporto?

A maioría dos traballadores e traballadoras son da propia parroquia. Xeralmente, a xente que se contrata de fora é porque coñecen máis idiomas que os locais.

Os habitantes da Lavacolla núcleo non teñen ningunha queixa respecto ao aeroporto. O ruído dos avións apenas se nota (ou, se se nota, eles xa están acostumbrados). Pensan que pode haber queixas en aldeas máis preto do aeroporto, como ¿Lomeda? E Carballal [e Mourentán]. O que sí oen é queixa

respecto do aeródromo militar [cando saen a voar avión militares, sí que fan ruído na zona].

6. Sen contar o aeroporto, dirían que a zona está ben comunicada?

Sí. Existen as estradas suficientes para comunicar a parroquia con Santiago, e as aldeas da parroquia entre sí [algunhas persoas pediron aínda máis estradas, pero había controversia en canto a este tema]. Algunhas persoas fixeron notar que a rede de estradas se trazou tomando o aeroporto como lugar central de destino e orixe do tráfico.

O servizo de bus que conecta Lavacolla con Santiago é moi preciado.

7. Son importantes as actividades relacionadas co agro? Producen para o mercado, ou para o autoconsumo?

Existen dúas granxas grandes en Sabugueira que producen para o mercado: unha está en Vilamaior, outra en As Quenllas. [Por todo o largo da parroquia obsérvase que existen moitas leiras traballadas preto das casas; algunhas son propiedade dos veciños, que as traballan principalmente para autoconsumo, sen mercar insumos agrícolas, pero a maioría pertencen á granxa de Vilamaior].

8. Onde fan a compra?

Para case todo se desprazan até Santiago. As compras grandes realízanas no Mercadona, no Alcampo ou no Centro Comercial de As Cancelas. Para compras pequenas, van á praza. Lévalles 5-10 minutos chegar a todos estes lugares, para o cal empregan o coche ou o bus.

Non consideran boa idea a instalación dun supermercado na zona de Lavacolla.

9. É importante o Camiño de Santiago para a parroquia? Como o valoran?

Sí. Hai moitos peregrinos, que deixan moitos cartos nos bares e albergues. Atopan moitos problemas á hora de adaptar algún aspectos técnicos dos seus inmobles ás necesidades legais a que obriga o camino (por exemplo, o tema dos canalóns e as tellas das casas, que deben ser dunha determinada maneira para evitar o feísmo).

10. Teñen algunha queixa ou proposta para mellorar a localidade?

Sí:

- Falta alcantarillado e abastecemento de auga: a auga ven de Boqueixón, e chega ata Lavacolla porque o Concello decidiu levarlla a Correos. Unha vez alí, aproveitaron para conectar o resto do pobo, porque está relativamente cerca. Non obstante, a conexión non foi completa e moitas casas quedan sen auga e/ou alcantarillado. Nin sequera é fácil conectar á rede de augas un pozo propio: segundo o testimonio dunha das entrevistadas, isto chégalle a costar 4.000€, que ademais van para a empresa co que se externalizou o servizo, e non para o concello.

- Outras persoas solicitaron permisos máis amplos para a realización de obras de pouca envergadura nas leiras propias. Por exemplo, casetos movibles para gardar utillaxe agrícola.
- Limpar o río e reparar a casa derruida e o merendoiro que se atopan no paseo fluvial. Coidan que pode ser atractivo para os peregrinos.
- Unha farmacia e clínica sanitaria e primeira man, por se xurde algunha urxencia non ter que desprazarse ata Concepción Arenal.
- Máis aceras.

Logo, houbo controversia en canto ao tema do solo. Algunhas persoas preferirían que o solo se convertese en urbanizable e se puidesen construír edificios de máis envergadura que as casas que actualmente poboan o territorio. Outras, prefiren que o lugar manteña a súa esencia rural.

Listado de aldeas que conforman a parroquia de Sabugueira.

Lavacolla, Mourentán, Requesende, Vilamaior, San Paio, O Noval, Pontillón, As Quenllas, San Xordo, A Sionlla, Amarelle, A Esquipa, Castiñeira (grande e pequena, hai dúas), Casais, Neiro, A Plaza.

Entrevista 3. Algúns comerciantes de Lavacolla. 4/4/18.

- 1. *Tenda de insumos agrícolas: Oímos que a actividade agrícola en Lavacolla era testemuñal, non obstante vostede rexente un comercio de artigos agrarios. Quen son os seus clientes? Son de aquí, ou de fora? Como fai para vender? Está ben comunicado?***

Os principais clientes son as dúas granxas: Vilamaior e As Quenllas. Persoas da propia Lavacolla non mercan alí, porque a maioría das explotacións son pequenas e para o autoconsumo. Logo, ten clientes de fora.

Non depende das comunicacións tradicionais, porque a maioría das vendas as realiza xa por internet.

- 2. *Estanco: ten clientes de aquí, ou son de fora?***

O negocio dalle para vivir. Ten algúns clientes da mesma zona, pero sobre todo valora moito como clientes aos peregrinos.

Entrevista 4. Equipo de fútbol local. Semana do 9 ao 16 de abril de 2018.

1. Como é a poboación?

4/7 -> equilibrada en canto a idade

3/7 -> máis xente vella que nova

2. Que actividades económicas predominan?

Resposta libre: “empresas”, 3 destacaron as actividades agrarias, outros 3 as de servizos.

3. Canto peso teñen as actividades rurais?

4/7 -> bastante

3/7 -> pouca

Nótese que ninguén respondeu “moita”.

4. Que importancia ten o aeroporto?

5/7 -> 5, a importancia máxima.

1/7 -> 4, unha importancia elevada.

1/7 -> 3, unha importancia moderada.

En media, unha importancia de 4.57. Nótese que ninguén considerou que a importancia do aeroporto fose Baixa.

5. Algunha queixa sobre o aeroporto?

5/7 -> non.

1/7 -> “non hai donde aparcar”.

1/7 -> “ruido”.

A ampla maioría non teñen ningunha queixa.

6. Que papel xoga o Camiño de Santiago por Lavacolla?

Resposta aberta: 4/7 destacan a relevancia do camino empregando nas súas respostas termos como “importante”, “importancia” ou mesmo “importantísimo”. 3/7 fan referencia ao papel económico e cultural que xoga.

7. Que ocio hai para xente xoven?

7/7 -> ningún.

Nunha das respostas fíxose explícito que “só hai bares”.

8. Hai boa comunicación en canto a infraestructuras?

5/7 -> poderíase mellorar.

2/7 -> si, grazas ao aeroporto.

9. Cal é o núcleo central da parroquia?

5/7 -> Lavacolla (e fan referencias á “praza”, á “igreja”, etc).

1/7 -> NS/NC

1/7 -> “non existe”.

10. Podríase dicir que Lavacolla é privilexiada de ter o aeroporto?

5/7 -> si.

2/7 -> non.

11. En canto o tema laboral, vedesvos nun futuro traballando en Lavacolla?

5/7 -> non.

2/7 -> si.

12. Creedes que a emigración de lavacolla é forzosa?

5/7 -> si.

1/7 -> NS/NC.

1/7 -> non, é porque non hai diversidade de empregos.

5. Bibliografía e webgrafía.

Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local. Boletín Oficial del Estado, Madrid, España, «BOE» núm. 80, de 3 de abril de 1985 Referencia: BOE-A-1985-5392.

Robbins, S.; Coulter, M (2014). *Administración* (12º edición). Pearson- Prentice Hall. Capítulo 8.

www.elcorreogallego.es -> Consulta online dunha noticia sobre a inauguración do monumento aos presos republicanos en Lavacolla. 29/4/2018.

www.ine.es -> *Nomenclátor: Población del Padrón Continuo por Unidad Poblacional a 1 de enero*. Consulta online 4/4/2018.